

MEMORIA DO OBRADOIRO DE CREACIÓN POÉTICA “POEMAS PARA XOGAR EN AGOSTO”.

O obradoiro de lectura e escrita poética POEMAS PARA XOGAR EN AGOSTO foi impartido aos rapaces e rapazas asistentes ao campamento xuvenil de Entrimo (Ourense) ao longo do día 10 de agosto de 2006. A actividade desenvolveuse en dúas unidades de tres horas cada unha, en sesións de mañá e tarde. Así que a duración total do meu labor foi de 6 horas condensadas nun único día, o que resultou certamente fatigoso.

O alumnado, composto por mozas e mozas de 1º e 2º de ESO, foi distribuído aleatoriamente en dous grupos de 20 persoas. O número total de 40 alumnos resultaba excesivo para participaren xuntos nunha única sesión. Así que, para cada grupo, a duración da clase foi de 1 hora e 30 minutos pola mañá e outro tanto pola tarde. Condicionamentos derivados da organización interna do campamento provocaron a concentración temporal nun único día, o que considero certamente perxudicial para un acaído rendemento. Sería oportuno, no sucesivo, que estas actividades se axustasen a xeirás non superiores a unidades de 1 hora e media por grupo (de non máis de 15 alumnos) e día.

O que eu dirixín o pasado 10 de agosto tiña por finalidade facer partícipes do pracer da poesía aos destinatarios xuvenís a partir dunha selección de textos poéticos galegos axeitados ao seu nivel de idade e intereses. Logo da lectura comprensiva, reflexiva e creativa dunha serie de poemas de Pura Vázquez, Uxío Novoneyra, Aquilino Iglesia Albariño, Emilio Álvarez Blázquez, Anisia Miranda e Xosé María Álvarez Blázquez, propuxen a escrita de composicións breves que tomasen como modelo versos, recursos, motivos ou suxestións derivadas dos textos escolmados. Tratábase, fundamentalmente, de inducir no receptor a conciencia do texto poético como síntese de vivencias e técnicas expresivas, co obxectivo de contribuír a desterrar o vello tópico, firmemente instalado entre a xente moza, que entende a poesía como produto da espontánea efusión sentimental. Puiden comprobar, na lectura pública que o alumnado foi facendo dos seus propios poemas escritos ao longo do obradoiro, que conseguín, alomenos, situalos no limiar dese proceso. Algúns dos participantes demostraron mesmo un importante nivel de experiencia lectora., de sensibilidade e de capacidade creativa.

POEMAS PARA XOGAR EN AGOSTO

1ª XORNADA

AS UVAS

Os ananos do outono
pintan as uvas.

Os rapaces asexan
as máis maduras.

Tamén os gorrións
revoan entre as cepas
de dous en dous.

- ¿Como son os ananos do outono?
- ¿De que cores pintan as uvas?
- Imaxina os **ananos do inverno**. ¿Que pinta teñen? ¿Que pintan? ¿De que cores? Descríbeos por escrito en cinco liñas de prosa.
- ¿Tes visto algunha vez os **ananos de agosto**? ¿A que se dedican?
- Escribe un poema de **sete versos breves** no que os ananos de agosto pinten algo: “os ananos de agosto / pintan...”
- Reflexionemos sobre os trucos de maxia que se poden facer cun poema.

PURA VÁZQUEZ, *Oriolos neneiros*, 1975.

=====

Pacen as vacas
na nabarega.
Treme a pequena
que vai con elas.
Febreiro chove
febreiro xea
febreiro neva
neve lixeira.

- Unha vez aclarado o sentido do poema, imos xogar cos meses do ano. Febreiro realiza aquí unha serie de accións propias dun **ser animado**. A este recurso chamámoslle **humanización**.
- Inventa accións animadas para outros meses e organízalas nun poema rimado. Por exemplo: “Marzo ventea / con cara fea./ Abril...”
- Como o personaxe principal do noso obradoiro é Agosto, dedicámoslle a el un poema moi humano e moi caluroso.

UXÍO NOVONEYRA, *Os eidos*, 1955.

DEFINICIÓN

A noite é o pranto do día,
lágrima inmensa de sombra
que escorre sobre a campía.

O ventíño da mañá
límpalle os ollos á aurora
roxa de tanto chorar.

- Este poema está todo el construído con **imaxes**. Aclaremos antes de nada os seus significados. ¿Por qué a noite é o pranto do día? ¿Que significa esa lágrima inmensa? ¿Como lle limpa os ollos o vento á aurora?
- Se a noite é *pranto* e *lágrima*, ¿como definirías o día? Tenta unha definición en tres versos.
- Imos definir con versos os seguintes conceptos: a tarde, o outono, o verán, o sábado, o amanecer...
- Agora escribiremos un poema especial: DEFINICIÓN DA NOITE DE AGOSTO

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO, *Corazón ao vento*, 1933.

CAMIÑO BRANCO

- Caminiño branco
que cruzas o val,
por que vas tan ledo
por entre a mañá?

- Veño do muíño
e vou ver o mar.

- Caminiño branco
que cruzas o val,
por que vas tan triste
por entre o serán?

- Veño do muíño
e non vin o mar.

- Necesitamos dous actores. Un fará o papel do personaxe que pregunta. O outro será Caminiño Branco. Atención: hai que poñer voz de camiño.
- Reparade no xogo de **semellanzas** e **antíteses**: ledo – mañá / triste – serán. Dacordo con este mesmo esquema, prantexarémoslle outras preguntas a Camiño Branco. Por exemplo: “¿Por qué vas contento / na luz do verán?”
- Ver o mar. Esa é a ilusión de Camiño Branco. E tamén a súa desilusión. Probade a relatar a emoción do voso primeiro día de praia, repetida cada verán, en verso ou prosa.

EMILIO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, *Poemas de ti e de min*, 1949.

2ª XORNADA.

A ARAÑA TECE

Nos milleirais
con moita maña,
puntos de prata
tecía a araña.

Tea de prata
con nós moi roxos...
uns apertados
e os outros frouxos.

De noite e día
crece a maraña,
un longo encaixe
teceu a araña.

Nos milleirais
con moita maña,
puntos de prata
teceu a araña.

- A autora deste poema, ademais de describir e gabar a arte das arañas, teceu unha arañeira de versos. Descubramos as conexións que van fabricando a **tea**, o **tecido**, o **texto** do poema: *puntos de prata* (verso 3) → *tea de prata* (verso 5). Localiza outras e tenta debuxar a rede completa, a maraña que crece, o longo encaixe de puntos de prata.
- ¿Atrévete a tecer con fío de palabras a tea de araña dun poema? Cose os versos a base de **repeticións**. Tema: a túa experiencia no campamento de verán.

ANISIA MIRANDA, *Cantarolas*, 1995.

O año pitaño
vai no paraño
A cabuxa luxa
marchou onda a bruxa.
O gato cegato
fuxiu ao burato.

O coello vello
anda no cortello.
O galo ralo
rubiuse no valo
e a galiña tiña
está na cociña.

Anda, neniña,
déixaos estar
e imos brincar
coas cunchas do mar.

- A **rima** é un dos principais procedementos de repetición. Observa o xogo de rimas deste poema, organizadas en versos **pareados**. Podemos ampliar o zoo con outros animais, utilizando o mesmo esquema métrico: “O fantástico elefante / vai camiñando diante.”
- Sen axustarte a ningún modelo métrico, escribe agora un poema en **verso libre** sobre algún animal dos que viven nos arredores do campamento.

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, *Roseira do teu mencer*, 1950.

O POEMA DE AGOSTO

- Vas escribir agora un poema que recolla todos ou a maioría dos temas que desenvolviches nos exercicios anteriores, co mes de Agosto como asunto principal:

- Os ananos de Agosto pintan...
- Agosto como personaxe humanizado.
- Definición da noite de Agosto.
- A emoción do primeiro día de praia.
- A túa experiencia no campamento.
- Algún animal dos que viven arredor do campamento.

Non se trata de construír un quebracabezas con anacos dos poemas anteriores, senón de facer un novo. Podes reutilizar as ideas e sentimentos expresados antes, pero sen copiar a ti mesmo.

RECITAL FINAL.

- Fin de festa. Todos os participantes no obradoiro lerán en voz alta o seu POEMA DE AGOSTO. Aplausos. E, se queredes, coloquio e lería.